



Nº de expediente: SA301A 2021/10-1

Asunto: Resolución relativa ao recoñecemento do interese sanitario para actos científicos.

## ANTECEDENTES

1.- En data 02/06/2021 ten entrada no rexistro electrónico da Xunta de Galicia (REXEL núm. 2021/1327682) a solicitude presentada por Compostela Congresos, SL, en nome e representación da Asociación Española para el Estudio de los Errores Congénitos del Metabolismo (AECOM), NIF G95147914, na que se solicita o recoñecemento de interese sanitario para o Acto: “XIV Congreso Nacional de Errores Congénitos del Metabolismo”

## CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1.- A Xefatura Territorial da Consellería de Sanidade da Coruña é competente para coñecer e decidir sobre a cuestión proposta, de conformidade co disposto no artigo 7 da Orde do 27 de decembro de 2016, pola que se regula o recoñecemento de interese sanitario (DOG núm. 6 do 10 de xaneiro de 2017) e no artigo 18 do Decreto 136/2019, do 10 de outubro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Sanidade (DOG núm. 208 do 31 de outubro de 2019).

2.- De acordo co disposto no artigo 1.a) da Resolución do 16 de febreiro de 2017 (DOG núm. 45 do 6 de marzo), délagase no xefe/a do Servizo de Xestión, entre outras funcións, a de resolver, conceder ou denegar o recoñecemento de interese sanitario para actos de carácter científico.

3.- Examinada a documentación do expediente, tendo en conta o informe-proposta do Servizo de Xestión, o acto referido reúne os requisitos establecidos na Orde do 27 de decembro de 2016, pola que se regula o recoñecemento de interese sanitario para actos de carácter científico.

Visto o exposto e demais normativa de xeral aplicación,

## RESOLVO:

1º.- Outorgar o recoñecemento de interese sanitario ao Acto: “XIV Congreso Nacional de Errores Congénitos del Metabolismo”, organizado pola Asociación Española para el Estudio de los Errores Congénitos del Metabolismo (AECOM), que se vai celebrar en Santiago de Compostela os días 15, 16 e 17 de decembro de 2021, tendo a entidade organizadora o enderezo social en Santiago de Compostela.

2º.- Ordenar a súa inclusión no rexistro de actos, reunións, cursos, congresos e xornadas do Servizo de Xestión.






XUNTA DE GALICIA

DELEGACIÓN TERRITORIAL  
DA CORUÑA

Xefatura Territorial da Consellería de Sanidade

Durán Loriga, 3  
15003 A CORUÑA  
Teléfono: 981155800 - Fax: 981155801  
www.sergas.es



O dito recoñecemento, conforme ao artigo 9 da Orde citada, implica a obriga para os organizadores ou, en todo caso, os órganos de dirección da entidade organizadora do acto, de remitir a esta xefatura territorial, no prazo de dous meses a partir da data do remate do acto, as conclusións ou acordos adoptados.

Contra esta resolución poderá interpoñer *recurso de alzada* ante o Sr. Conselleiro de Sanidade no prazo de *1 mes*, contado a partir do día seguinte á súa notificación, de acordo co estipulado nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE núm. 236 do 2 outubro)

Para os efectos legais procedentes, asino esta resolución que deberá notificarse ás persoas interesadas segundo o esixido no art. 40 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas

A Coruña, a xefa territorial,

P.D. Xefa do Servizo de Xestión (art.1.a da Resolución do 16/02/2017)

Marta Gil Pérez

